

# PLAN DE IGUALDADE CEIP DO FOXO

*CURSO 2019-20*  
*Data de aprobación*  
*Claustro:4/11/2019*  
*Consello Escolar:*  
*4/11/2019*

**ÍNDICE**

<b>1.- INTRODUCCIÓN.....</b>	<b>2</b>
<b>1.1. NOMEAMENTO DUNHA PERSOA RESPONSABLE EN MATERIA DE IGUALDADE NO CONSELLO ESCOLAR.....</b>	<b>3</b>
<b>1.2.-PROTOCOLOS OU MEDIDAS DE INTERVENCIÓN PARA ABORDAR CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA POR RAZÓN DE XÉNERO.....</b>	<b>3</b>
<b>1.3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS COEDUCATIVOS A TRAVÉS DOS PLANS DO CENTRO (NOF, PLAN DE CONVIVENCIA, PLAN DE ACCIÓN TITORIAL).....</b>	<b>6</b>
<b>1.4.DIFUSIÓN DOS OBXECTIVOS COEDUCATIVOS ENTRE OS DISTINTOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA PARA A SÚA INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN.....</b>	<b>6</b>
<b>1.5.-INICIACIÓN DAS MEDIDAS DE ACOMPAÑAMENTO DO PROTOCOLO DE IDENTIDADE DE XÉNERO.....</b>	<b>7</b>
<b>1.6.- CONCRECIÓN DOS CONTIDOS E OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DUNHA EDUCACIÓN AFECTIVA-SEXUAL INTEGRAL PARA TODO O ALUMNADO DO CENTRO.....</b>	<b>8</b>
<b>1.7.PROMOCIÓN DUNHA ORIENTACIÓN LABORAL E PROFESIONAL LIBRE DE ESTEREOTIPOS DE XÉNERO.....</b>	<b>14</b>
<b>1. 8.-REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS A TODO O ALUMNADO CO GALLO DAS DATAS SINALADAS NO CALENDARIO ESCOLAR OFICIAL (25 DE NOVEMBRO, 8 DE MARZO E CELEBRACIÓNS LGBTI).....</b>	<b>15</b>
<b>2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO.....</b>	<b>16</b>
<b>3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA.....</b>	<b>19</b>
<b>4.OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTE TEMAS:</b>	
<b>4.1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.....</b>	<b>21</b>
<b>4.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO</b>	<b>21</b>
<b>4.3. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL.....</b>	<b>22</b>
<b>4.4. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA.....</b>	<b>23</b>
<b>5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTE ÁMBITOS</b>	
<b>5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.....</b>	<b>23</b>
<b>5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.....</b>	<b>26</b>
<b>5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.....</b>	<b>26</b>
<b>5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR</b>	<b>28</b>
<b>6. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.....</b>	<b>27</b>

## 1.- INTRODUCCIÓN

A coeducación é un estilo educativo que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

É preciso atención ao proceso de convivencia nos centros educativos para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria

Preténdese que mediante esa vía se leve a cabo unha verdadeira transformación social na que o xénero non sexa un motivo de discriminación e facendo especial fincapé no grave problema social da violencia de xénero, que, como forma extrema de desigualdade, require que sexa tratado dende o ámbito educativo coa finalidade de que se difunda, dende os primeiros anos de escolarización, unha educación que promova o respecto e a igualdade

Outra das finalidades deste Plan é a integración e a normalización da diversidade afectiva e sexual, xa que ningunha persoa debe sufrir ningún tipo de discriminación no ámbito educativo polas súas opcións. Neste sentido, débese potenciar unha educación tolerante e integradora que non imponha un modelo uniforme de sexualidade como predominante..

Por outra parte o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece como un obxectivo da educación primaria desenvolver unha actitude contraria aos “prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo - sexual”

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG do 27 de xaneiro), contempla a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes, para o que resolve establecer, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

### **1.1. NOMEAMENTO DUNHA PERSOA RESPONSABLE EN MATERIA DE IGUALDADE NO CONSELLO ESCOLAR.**

Dentro do consello Escolar do Centro a persoa responsable en materia de igualdade será a Xefa de Estudos: María Begoña Porto Brea.

### **1.2.-PROTOCOLOS OU MEDIDAS DE INTERVENCIÓN PARA ABORDAR CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA POR RAZÓN DE XÉNERO**

Dentro do Plan de convivencia do Centro no punto referente a “estratexias organizativas para garantir o éxito do plan de convivencia” recóllese o que a continuación se relaciona que se pode aplicar a este plan de igualdade

O obxectivo do presente regulamento é fomentar o respecto mutuo, a tolerancia e a mellora das relacións entre os membros da comunidade educativa, darase prioridade ao uso do diálogo e a prevención de conflitos. Para conseguilo o Departamento de Orientación e o profesorado deberá formar ao alumnado na resolución pacífica de conflitos.

Sempre que sexa posible, utilizarase:

Mediación

- a) De producirse un conflito entre o alumnado ou entre este e o profesorado, o/a titor/a deberá mediar para resolvelo.
- b) De non chegarse a acordo tras a mediación do titor/a, as partes poderán recorrer á Xefatura ou á Dirección que, de non haber acordo, establecerá a corrección que proceda, incoará o correspondente expediente ou elevará o tema ao órgano superior correspondente.

Conciliación.

- a) Antes de decidir a incoación de expediente, o/a Director/a tratará de propiciar a conciliación entre as partes. Tras iniciarse o expediente, as iniciativas de conciliación deberán partir dos interesados
- b) O acordo entre as partes, coa oferta e aceptación das reparacións que procedan e con consentimento do Director/a, comportará a non incoación ou o arquivo do expediente por parte deste.
- c) O Director/a dará o seu consentimento se o acordo entre as parte vai en detrimento dos intereses xerais, e mesmo non dará cabida á conciliación cando a imposición dunha sanción sexa inescusable para evitar o descrédito da norma e dos valores que esta ampara.

Todo o profesorado responsabilizarase do cumprimento das normas de convivencia do centro.

Entre as normas básicas de convivencia do Centro figuran estas que poden ter relación coa igualdade:

- Non está permitida a utilización de ningunha tecnoloxía para recoller imaxes de membros da comunidade educativa sen o seu consentimento expreso.
- Co fin de evitar interrupcións inoportunas durante o desenvolvemento das clases, reunións da comunidade educativa (Claustros, consello escolar ...) os móbiles deberán estar apagados ou en modo silenciado

**Erradicación de prexuízos sexistas.** Non se admitirán as desigualdades entre os alumnos e as alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, nunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou nunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

O profesorado non permitirá ningunha forma de machismo, de misoxinia, de homofobia .. que puidese existir no seo da comunidade escolar. Aplicaranse principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres e dos homes  
As medidas de intervención para abordar as condutas contrarias á convivencia deberán cumprir os seguintes requisitos, cando o alumno compareza ante o/a Xefa de Estudos:

- a. Presentarase acompañado/a do profesor/a.
- b. O/A Xefe de estudos fará constar no rexistro de incidencia o nome e o curso do/a alumno/a así como a hora na que foi enviado á Xefatura.
- c. O profesor/a que envía un alumno/a á Xefatura de Estudos, presentará ese mesmo día o parte de incidencias. A persoa titora acordará co/coa Xefe de Estudos as medidas a tomar que serán postas en coñecemento dos representantes legais do alumno/a. Esta comunicación será feita polo/a titor/a a través da axenda escolar, do servizo de mensaxería.

Se o comportamento contrario as normas de convivencia ten lugar fóra das aulas ou nas mesmas en ausencia do profesor/a do grupo, calquera persoa responsable do Centro, profesorado ou persoal de administración e servizos, actuará conforme ao descrito.

Incumprimentos: Deberán ser valorados en función da situación e as condicións persoais do alumnado.-

Respectarán a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír a mellora do proceso educativo

En ningún caso se poderán impoñer sancións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

Poderanse corrixir os actos contrarios ás normas de convivencia do centro realizados polo alumnado no recinto escolar ou durante as actividades extraescolares e

complementarias. Igualmente fóra cando teñan relación coa vida escolar e afecten a compañeiros/as ou a outros membros da comunidade educativas.

-Consideraranse circunstancias agravantes, a premeditación e reiteración en causar dano, inxuria ou ofensa aos/ás membros da comunidade educativa.

Cando se constate que o atentado contra a dignidade do/a menor foi por causas relacionadas coa súa identidade de xénero, aplicaranse as medidas correctoras correspondentes e, en particular, a expulsión de centro, temporal ou definitiva, da persoa infractora, como medidas correctoras asociadas ás condutas que vulneran a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñen como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no sexo, orientación sexual ou identidade sexual, segundo se recolle no artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación segundo a redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Calquera membro da comunidade escolar que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil de calquera alumno ou alumna, por identidade de xénero dentro do centro escolar, ten a obriga de poñelo en coñecemento dos responsables do centro segundo queda expresado anteriormente.

Naqueles casos nos que, a causa da actitude da familia, dun ou de ambos proxenitores, cara á identidade de xénero do alumno ou da alumna, se detecten indicios de non respecto da identidade sexual do ou da menor, que poidan supoñer unha situación de maltrato, ao obxecto de garantir o interese superior do menor, actuarase segundo os protocolos establecidos polos servizos de asistencia

Asemade dende o equipo de dinamización da convivencia escolar, en relación coa igualdade, realizaranse as seguintes actuacións:

- a) Seleccionar aqueles ámbitos do PAT que máis inciden na convivencia e revisar a súa adecuación en canto a igualdade e a prevención de violencia de xénero
- b) Velar pola incorporación e tratamento no PAT de contidos relacionados coas habilidades sociais, a intelixencia emocional, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a mediación e dinámicas de grupo.
- c) Colaborar na dinamización do plan de convivencia para garantir o seu cumprimento
- e) Coordinar actuacións no centro, a realizar dende a titoría, promotoras de valores democráticos de convivencia, transversalidade, inclusión, igualdade de oportunidades e visibilidade.
- f) Colaborar co departamento de orientación no deseño e desenvolvemento de programas facilitadores da detección de dificultades de convivencia e de relación, referentes á igualdade.

**1.3.- CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS COEDUCATIVOS A TRAVÉS DOS PLANS DO CENTRO (NOF, PLAN DE CONVIVENCIA, PLAN DE ACCIÓN TITORIAL).**

- Eliminar e rexeitar os comportamentos e contidos sexistas e roles, estereotipos e prexuízos que supoñan discriminación entre homes e mulleres
- Fomentar entre o alumnado a autonomía persoal e a corresponsabilidade nas tarefas de coidado e domésticas
- Incorporar a aprendizaxe de métodos de resolución pacífica de conflitos e de modelos de convivencia baseados no respecto á diversidade e a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres
- Recoñecer a violencia de xénero como unha forma extrema de desigualdade
- Promover unha educación afectiva e sexual baseada na igualdade entre mulleres e homes, a responsabilidade compartida e o respecto ás distintas orientacións sexuais e identidades de xénero
- Cooperar con aquelas Administracións educativas que desenvolvan proxectos e programas dirixidos a fomentar a igualdade
- Conseguir a normalización afectiva e sexual
- Potenciar unha educación tolerante e integradora sen impoñer un modelo de sexualidade predominante

**1.4.DIFUSIÓN DOS OBXECTIVOS COEDUCATIVOS ENTRE OS DISTINTOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA PARA A SÚA INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN.**

Deberanse levar a cabo 3 accións fundamentais:

**1,. Sensibilizar:**

- Darnos conta de que aínda falta moito por facer para que as nosas escolas sexan coeducativas
- Reflexionar sobre as prácticas que levamos a cabo na aula e no centro.
- Facer un pouco máis visible o currículo oculto
- Coñecer o que é ter perspectiva de xénero

**2. Dar ideas:**

- Proporcionar actividades, recursos, pequenas reflexións e referencias bibliográficas que faciliten a integración da perspectiva de xénero na práctica educativa.

**3. Integrar:**

- A partir destas propostas, crear materiais propios e integralos na programación

## DIFUSIÓN

Incluír nas reunións de principios de curso un apartado con información concreta das actividades que se van desenvolver no centro en relación coa igualdade de xénero. Nesta reunión é moi importante dar unha xustificación da necesidade de colaboración entre as familias e o centro educativo.

Informar nesa reunión da implicación da ANPA do Centro con respecto a este tema, pola súa participación e solicitude para financiar actividades de promoción de igualdade e de prevención de violencia de xénero. O Equipo Directivo facilitará o plan de Convivencia, ao comezo do curso, aos profesores e á Asociación de Nais e Pais e aclarará a posibles dúbidas que poidan existir do mesmo.

Os titores explicarán, ao comezo de cada curso, o Plan de Convivencia aos alumnos/as. Aos pais e nais na primeira reunión xeral, comentándolles os aspectos máis relevantes do mesmo, incidindo no Plan de igualdade.

Concretamente e co obxecto de facilitar o traslado de información e concienciación sobre unha situación de identidade de xénero que non coincide coa asignada no nacemento, especialmente naqueles casos nos que se produce unha transición patente para a comunidade educativa, realizaranse progresivamente guías didácticas, folletos informativos ou calquera outro material educativo, e formación específica que poidan ser utilizados por toda a comunidade educativa:

### **1.5.-INICIACIÓN DAS MEDIDAS DE ACOMPAÑAMENTO DO PROTOCOLO DE IDENTIDADE DE XÉNERO.**

Cando se reciba no Centro comunicación por escrito dunha identidade de xénero distinta daquela que lle foi asignada no nacemento, o Equipo Directivo trasladará esta información ao Departamento de Orientación coa finalidade de activar os recursos que poidesen ser necesarios, dentro da atención á diversidade e en atención ao principio de inclusión.

Os servizos de saúde poderán, sempre con consentimento das familias, remitir ao centro educativo aquela información e orientacións que poideran ser útiles.

O Departamento de Orientación facilitará nun primeiro momento orientacións sobre:

- ✓ A comunicación da situación á dirección do centro (sempre por escrito), para activar as medidas que sexan procedentes en cada caso.
- ✓ Aqueles recursos sociais e sanitarios que están ao seu dispor, no caso de que a familia ou a persoa interesada precisen apoio ou axuda neste ámbito.

Con consentimento da familia poderá elaborar un informe psicopedagóxico que recollerá aquelas orientacións de atención á diversidade tanto para o alumno como para os restantes membros da comunidade educativa á que pertenza.

Se un alumno comunica ao Centro esta situación sen coñecemento da súa familia, o centro educativo a través do/a Orientador/a falicitaralle o seu apoio e mediación na comunicación coa familia.



### **1.6.- CONCRECIÓN DOS CONTIDOS E OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DUNHA EDUCACIÓN AFECTIVA-SEXUAL INTEGRAL PARA TODO O ALUMNADO DO CENTRO.**

As materias nas que se desenvolven os contidos da educación afectivo sexual. Ciencias da natureza, ciencias Sociais, Educación física, Educación Artística, Linguas e Matemáticas.

#### **- A FAMILIA:**

- Coñecer e valorar a diversidade familiar existente na actualidade.
- Reflexionar sobre o que constitue unha familia: persoas que se queren e se coidan.
- Valorar as tarefas de coidado e a necesidade dun reparto equilibrado das mesmas

#### **- AS PROFESIÓNS:**

- Coñecer, identificar, valorar e saber poner exemplos das tarefas correspondentes as diferentes profesións, remuneradas ou non, necesarias para a sociedade
- Valorar que todas as profesións poden ser realizadas indistintamente por homes e mulleres.
- Entender que o concepto de traballo inclúe o traballo de coidados e que tanto este como outros poden ser realizados por calquera persoa independentemente do seu sexo.
- Ser conscientes de que moitas veces tomamos decisións estereotipadas nas que inflúe a presión do entorno(familia, amizades, medios de comunicación, etc.).

#### **HISTORIA DA FAMILIA:**

- Visibilizar e valorar as tarefas domésticas e do coidado e aos que realizan, así como fomentar a corresponsabilidade nas mesmas.
- Utilizar todo tipo de fontes históricas (orais, escritas, gráficas ou materiais) para reconstruír o pasado.
- Recoñecer e valorar o significado dalgunhas pegadas antigas no entorno (tradicións, lendas, restos materiais, etc.)
- Visibilizar e valorar o papel das mulleres na historia
- Coñecer algunhas características das formas de vida dos homes e mulleres pertencentes a distintas épocas históricas, visibilizando e valorando especificamente o papel das mulleres na Historia.
- Utilizar documentos escritos e visuais para obter información histórica e elaborar distintos traballos.

### A SAÚDE E DESENVOLVEMENTO PERSOAL

- Aceptar o propio corpo e o das demais persoas.
- Aprender a coidar o propio corpo mediante a adquisición de hábitos saudables.
- Identificar as partes do corpo das nenas e dos nenos.
- Coñecer e valorar diferentes relacións afectivas e condutas de coidado mutuo.☒
- Aprender a identificar sentimentos e emocións, propios e doutras persoas..☒
- Fomentar a autoestima e a empatía
- Coñecer os cambios que se producen ao longo da vida dos nosos corpos, especialmente na puberdade.

Ž

### AUDICIÓN, INTERPRETACIÓN E CREACIÓN MUSICAL

- Recompilar cancións tradicionais de berce e xogo e aprender a analizar as súas letras desde una perspectiva de xénero.Ž
- Favorecer a conciencia crítica do alumnado respecto á influencia da música na nosa percepción da realidade e dos noso valores e modelos.Ž
- Estimular a invención e a creación de producións musicais que teñan en conta a perspectiva de xénero.
- Favorecer o coñecemento do folclore musical, explorando as diferentes posibilidades da voz como acompañamento a cancións e danzas e identificando visual e auditivamente algúns instrumentos musicais tradicionais.
- Estimular a invención e a creación de producións musicais e coreografías facilitando a expresión de sentimentos e ideas, evitando prexuízos sexistas e estereotipos de xénero.
- Fomentar a confianza a través da creación artística, así como a apreciación y o respecto polas producións doutras persoas.
- Favorecer o coñecemento de diferentes estilos musicais contemporáneos, reflexionando sobre o papel outorgado a homes e mulleres mediante a audición e visionado de vídeo clips.Ž
- Recoñecer e clasificar diferentes instrumentos, identificando formas musicais con repeticións iguais e temas con variacións.
- Fomentar a invención en grupo de coreografías para cancións e pezas musicais breves, evitando prexuízos sexistas, estereotipos ou discriminación no reparto de papeis.

**MEDIOS DE COMUNICACIÓN:**

- Analizar producións audiovisuais dirixidas ao público infantil identificando os estereotipos de xénero que se reproducen e transmiten nas mesmas.
- Favorecer o desenvolvemento dunha conciencia crítica no alumnado, fronte aos contidos e valores que transmiten os videoxogos máis comúns.
- Ofrecer alternativas de videoxogos que transmitan valores igualitarios e non discriminatorios

**A PUBLICIDADE**

- Analizar a representación que se fai do “feminino” e do “masculino” na publicidade dirixida ao público infantil e os diferentes recursos lingüísticos utilizados para a transmisión e produción de estereotipos de xénero.
- Favorecer o desenvolvemento da conciencia crítica do alumnado fronte á publicidade sexista e á sociedade de consumo.

**ARTE E VALORES:**

- Aprender a mirar as obras de arte preguntándonos acerca da representación nas mesmas de mulleres e homes.
- Descubrir e valorar a obra dalgúns artistas tendo en conta as dificultades que viviron na historia as mulleres para dedicarse al arte.
- Expresar plasticamente escenas e situacións cotiás que amosen a igualdade de posibilidades e responsabilidades de nenos e nenas, homes e mulleres.
- Ser capaces de identificar estereotipos de xénero nas obras de arte.
- Aprender a exteriorizar os sentimentos a través de linguaxes diferentes.
- Analizar de forma crítica os materiais escolares en relación coa muller e a arte.
- Investigar, visibilizar e valorar a obra de mulleres artistas de distintas épocas: pintoras, escultoras, arquitectas, implicando ás familias na busca.
- Diseñar e realizar traballos plásticos inspirados en obras de mulleres para instalar nos espazos comúns internos e externos do centro.

**O NOSO CORPO**

- Experimentar e realizar posturas e movementos corporais diferentes mellorando a percepción do esquema corporal, a coordinación, as habilidades motrices básicas, o equilibrio, a forza, a creatividade, etc.
- Desenvolver actitudes de confianza, apoio mutuo e cooperación sen discriminar por razón de sexo, nivel de habilidade, etc.Ž

- Aumentar a confianza nas nosas posibilidades,la autoestima e a autonomía persoal
- Investigar e compartir que significa a idea de beleza ligada ao corporal.Ž
- Aprender a recoñecer, expresar e compartir sentimentos.Ž
- Favorecer a aceptación da propia realidade corporal e a das demais persoas.
- Visibilizar e valorar a participación das mulleres en actividades físicas e deportivas, analizando como é esa participación e a súa representación nos medios de comunicación.
- Proporcionar modelos de referencia de mulleres deportistas que motiven ao alumnado —especialmente ás alumnas— a participar e practicar actividades físicas e deportivas de maneira regular e continuada ao longo de toda a vida

#### HÁBITOS SAUDABLES

- Comprender que é a autoestima e que cousas lle afectan.
- Aumentar a autoestima e a autonomía persoal.Ž
- Valorar o coidado persoal mutuo a través do xogo
- Expresar e recibir afecto de diferentes formas.
- Coñecer e identificar hábitos saudables necesarios para a vida diaria.
- Favorecer a corresponsabilidade nas tarefas de coidado persoal e mutuo.
- Fomentar a adquisición de control e autonomía sobre a alimentación, promovendo hábitos alimentarios saudables e unha participación activa no mantemento da saúde.
- Previr trastornos alimentarios, analizando l influencia dos modelos estéticos dominantes na nosa cultura.
- Analizar os beneficios da actividade física na saúde e o benestar, facilitando a ruptura de estereotipos de xénero existentes

#### XOGOS:

- Recuperar un xogo tradicional e normalmente asociado ás rapazas para o goce de todo o alumnado, coa posibilidade de que se converta nun recurso para o seu tempo libre.Ž
- Experimentar diferentes posibilidades motrices favorecendo a mellora da condición física, a axilidade e coordinación, a adquisición de patróns rítmicos e a expresión e a creatividade.
- Estimular a vivencia lúdica e a cooperación e o apoio mutuo a través do xogo.
- Fomentar unha actitude crítica e responsable respecto ao consumo.

- Desenvolver actitudes de cooperación e creatividade no traballo en grupo
- Analizar desde unha perspectiva de xénero a que se xogaba e a que se xoga nos patios e rúas.
- Desenvolver actitudes de respecto e inclusión no tempo libre.

#### ACTIVIDADES DEPORTIVAS E EXPRESIVAS

- Desenvolver a expresividade a través do corpo e o movemento utilizando ritmos musicais.
- Gozar do propio corpo en movemento e das súas capacidades expresivas.Ž
- Coñecer e valorar outras culturas a partir de danzas populares.
- Reflexionar criticamente sobre os deportes que coñecemos e practicamos recoñecendo estereotipos de xénero.Ź
- Ofrecer modelos deportivos non estereotipados en función do xénero.Ź
- Fomentar a creación de hábitos de práctica de actividade física dando a coñecer novos deportes que podemos incorporar no noso tempo libre.
- Aceptar o reto que supón competir, entendendo que a oposición é unha estratexia do xogo pero non unha actitude fronte ás demais persoas.

#### LINGUAXE ORAL

- Potenciar a expresión e a comprensión oral para comunicar e transmitir experiencias, pensamentos, desexos ou sentimentos
- Practicar habilidades de escoita activa, expresión de sentimentos e asertividade.
- Expresar ideas e sentimentos ante un grupo, respectando ás demais persoas.Ž
- Favorecer a autoestima e o autocoñecemento
- Comprender as intencións e mensaxes que se comunican a través dos contos aprendendo a valorar a riqueza da linguaxe oral para comunicarnos.
- Identificar e analizar o sexismo presente en algúns contos.

#### LINGUAXE ESCRITA

- Construír historias escritas de forma colectiva e lúdica rompendo con estereotipos e roles de xénero tradicionais.
- Animar á lectura e a expresión escrita a través do xogo e a dramatización.
- Construír historias escritas de forma colectiva e lúdica rompendo con estereotipos e roles de xénero tradicionais.Ž

### EDUCACIÓN LITERARIA

- Aprender a realizar unha análise con perspectiva de xénero dun texto.
- Coñecer cales son os estereotipos de xénero tradicionalmente asociados aos personaxes masculinos e femininos, así como outros modelos de identidade de xénero máis xustos y flexibles
- Coñecer a autoras de literatura infantil no sexista.Ž
- Fomentar a lectura de diferentes estilos literarios escritos con perspectiva de xénero

### A MEDIDA:

- Coñecer e utilizar diferentes obxectos de medición non convencionais usados no ámbito familiar.Ž
- Realizar estimacións, medidas, cálculos e equivalencias sinxelas.
- Revalorizar os saberes tradicionalmente considerados femininos.
- Practicar, observar e experimentar a medición do tempo en situacións reais.
- Realizar medicións de tempo no entorno familiar, reflexionando sobre os usos do tempo de todas as persoas que o integran.Ž
- Sensibilizar ao alumnado sobre a necesidade e os beneficios de compartir equitativamente las responsabilidades de coidados.
- Valorar a importancia que ten unha correcta estimación acerca de cantidades, prezos, ... en situacións da vida cotiá.Ž
- Favorecer que se asuma o traballo de coidar como responsabilidade de todas as persoas que conviven xuntas.Ž
- Potenciar a autonomía persoal e as relacións de igualdade, desenvolvendo as mesmas potencialidades e responsabilidades en nenos e nenas

### XEOMETRÍA

- Elaborar e describir un mapa sinxelo da nosa cas, así como trazar recorridos no plano a partir de desprazamentos reais.
- Coñecer e valorar as tarefas de coidado.
- Utilizar un mapa sinxelo para recoller información.Ž
- Reflexionar sobre o uso diferenciado do espazo en función do xénero
- Ubicarse nun plano e planificar desprazamentos bo mesmo tendo en conta a variable tempo.
- Coñecer e valorar as tarefas de coidado

### TRATAMENTO DA INFORMACIÓN

- Recoller, ordenar e interpretar datos extraídos en contornos cotiás.
- Elaborar gráficos sinxelos que faciliten a interpretación de datos.Ž

- Romper estereotipos de xénero relacionados coas mulleres e a súa capacidade para as matemáticas.
- Espertar a curiosidade do alumnado pola prensa escrita así como por coñecer o que sucede no noso entorno.
- Aprender a recoller, analizar e interpretar datos desagregados por sexo.
- Crear o hábito de lectura crítica do periódico
- Ofrecer modelos de referencia de mulleres matemáticas mediante a súa su visibilización ye valoración das súas achegas.
- Desterrar estereotipos de xénero respecto á relación entre as mulleres e as matemáticas.

### **1.7.PROMOCIÓN DUNHA ORIENTACIÓN LABORAL E PROFESIONAL LIBRE DE ESTEREOTIPOS DE XÉNERO.**

A perspectiva de xénero é a interpretación da realidade que ten en conta o feito de que a organización social segue un patrón no que cada sexo ten perfectamente definido o seu espazo, que está estruturado a través das relacións de dominio dun sexo, o masculino, sobre o outro, o feminino e que, baseándose nestas relacións, visibiliza a desigual situación e posición das mulleres respecto aos homes en cada un dos ámbitos da vida.

Así as mulleres reducidas ao espazo doméstico, asígnanselles os traballos relacionados coa reprodución, o coidado e a atención das persoas, que carece de regulación, valor e consideración social converténdose en invisible, mentres que os homes desenvólvense noutro que ten consideración social, que produce bens e servizos,e xera ingresos económicos. Como consecuencia deste reparto de roles constrúese o estereotipo de que as mulleres son máis idóneas que os homes para o desempeño do traballo reprodutivo, mentres que os homes son mellores para o traballo produtivo; así como a interpretación contraria; os homes no son válidos para o traballo doméstico e o coidado das persoas e as mulleres non están suficientemente capacitadas para a produción.. É así como se constrúen as relacións de xénero, cuxo resultado é que as mulleres ocupan un lugar de menor valor respecto do traballo produtivo e sofren unha clara discriminación no mercado laboral, independentemente de cal sexa a súa situación, o seu plantexamento de vida, a súa su necesidade ou a súa vontade.

Accións positivas para a promoción sen estereotipos:

- Facer visible a contribución das mulleres no desenvolvemento socioeconómico
- Dar máis publicidade á participación das mulleres na sociedade a través do uso da linguaxe, medios de comunicación
- Participación equilibrada dos nenos e das nenas na tomas de decisións de aula
- Incidir sobre roles e estereotipos que dificultan o desenvolvemento de relacións de xénero equilibradas
- Recoñecer a relación entre unha boa cualificación profesional para optar a traballos cualificados e con boa remuneración económica

- Facer campaña de sensibilización sobre o reparto de tarefas domésticas entre homes e mulleres

**1. 8.-REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS A TODO O ALUMNADO CO GALLO DAS DATAS SINALADAS NO CALENDARIO ESCOLAR OFICIAL (25 DE NOVEMBRO, 8 DE MARZO E CELEBRACIÓN LGBTI).**

Día 25 de novembro: “Contra a violencia contra a Muller”.

- En cada titoría introdúcese este tema con algún libro proposto dende a Biblioteca onde se poida traballar este tema.
- Exposición e visibilización de carteis con mensaxes en contra da violencia contra a muller. Lectura e comentario dos mesmos.
- Apoiar iniciativas que xurdan de asociacións para a celebración deste día

Nadal: “Campaña de xoguetes non sexistas”

- Elaborar unha enquisa para coñecer cales son os xogos preferidos dos nenos e nenas. Realizar unha análise dos resultados. Extraer conclusións
- Deseñar xogos para realizar no recreo dentro da actividade de “Patios inclusivos”
- Recollida de xoguetes para colaborar coas campañas deseñadas por distintas organizacións.

24 de outubro: “día das Bibliotecas escolares”

- Solicitar a presenza no Centro dalgunha persoa cunha traxectoria importante neste tema, ou dunha persoa especialista en literatura non sexista como alguén responsable da edición da Guía de Literatura Infantil e Xuvenil (GALIX) que ten como destinatarios aos mediadores e mediadoras.

Os seus obxectivos serían:

- Destacar obras en que os nenos cumpren un papel activo e senlleiro.
- Sinalar narracións en que tanto as cativas como os cativos se ven liberados dos roles de xénero máis estereotipados.
- Reflectir textos en que o maltrato e a violencia, en calquera das súas formas, son claramente condenadas ou se establece unha reflexión profunda a partir delas.

30 de xaneiro: “Día da Paz”.

- Desenvolvemento dunha carreira solidaria onde participamos igualmente, co mesmo exercicio, o mesmo esforzo, a mesma actividade sen distinción de xénero, cun obxectivo común.



- 8 de marzo: “Día da Muller Traballadora”.

- Exposición de libros de literatura infantil non discriminatorias existentes na Biblioteca do Centro.
- A Asociación de pais do Centro propón realizar unha actividade no Centro con motivo da celebración do día Internacional da muller , o día 8 de marzo.
- Elaboración dun mural con mulleres relevante no mundo da ciencia, literatura, cine, matemáticas,....
- Farase o xogo de Quen é quen. Este xogo está baseado nos libros Pioneiras Galegas e no cómic Valorosas para saber responder ás preguntas..

- Mes da ciencia en galego.

- Dende a Biblioteca facilítase unha serie de recursos dixitais relacionados coa ciencia en galego.
- Encontro con algunha muller científica galega

- Semana do Libro:

- Adaptación de libros de literatura infantil e escenificación dos mesmos con temática de igualdade: “O libro dos porcos” “O segredo de Flora”

- Mes de xuño: Celebracións LGTB

- Selección de fondos bibliográficos que nos permitan traballar esta celebración.

- Roteiros literarios:

- Desenvolver roteiros literarios relacionados con mulleres escritoras da zona: Avelina Valladares

Estas actividades desenvólvense conxuntamente como traballo do Centro, invitando sempre a toda a comunidade educativa a participar nas mesmas

## **2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO**

### **2.1.- PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO**

*Apartado 3.-“Actuacións, medidas ou programas que se van a desenvolver para favorecer a convivencia incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación, entre outras”*

- Actividades que incorporen aspectos que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto, a autoestima e a educación afectivo - sexual.

- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social

## 2.2.- NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

Apartado 4.-“*Estratexias organizativas para garantir o éxito do plan de convivencia*”

Mencionando expresamente erradicación de prexuizos sexistas

## 2.3.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Reflictese avaliación inicial para detectar as necesidades do alumnado

Respecto ao Centro: Facilitar a integración do alumnado no grupo

Respecto aos pais/nais ou representantes legais: Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico do alumno/a.

Respecto ao alumnado: Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.

Respecto ao profesorado: Informar o equipo de profesores/as do seu grupo de alumnos/as das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.

Colaborar co Departamento de Orientación nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.

Como proposta de mellora: Revisaremos este PAT para engadir obxectivos específicos sobre a igualdade.

## 2.4.-PLAN DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

Este centro participou nun pfp: **análise dos procesos de inclusión/exclusión educativa no CEIP DO FOXO: desenvolvemento de proxectos locais de cambio e mellora escolar.** Desde aquí detectamos necesidades e realizamos diferentes tarefas

que resultan inclusivas e beneficiosas para os nosos alumnos desde o punto de vista da inclusión educativa e que seguimos mantendo .

## 2.5.- ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS

A Anpa do Centro solicitou axudas destinadas a financiar actividades de promoción da igualdade e de prevención da violencia de xénero, financiadas en desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, segundo Resolución de 20 de maio de 2019.

Presentou un proxecto baixo o título “OBRADOIRO DE HABILIDADES PERSOAIS PARA UNHA SOCIEDADE EN IGUALDADE E CONVIVENCIA”.

OBXECTIVO XERAL:: Mellorar a convivencia e respecto entre o alumnado e establecer pautas educativas que favorezan e potencien a igualdade de xénero

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

- Favorecer e potenciar actitudes de convivencia e igualdade de xénero
- Prevención e actuación en actitudes con carácter machista, con actividades facilitadoras de comportamentos inadecuados.
- Habilidades para superar a adversidade, adaptarse, recuperarse e participar nunha vida social normalizada.
- Aprender o correcto manexo das emocións
- Desenvolver a súa personalidade de maneira responsable e comprender o que implica convivir e participar nunha comunidade.
- Aprender a importancia da autonomía e das condutas que lles permitan fortalecela.
- Toma de decisións persoais.

## 2.6.- PROXECTO DE DIRECCIÓN

Un dos obxectivos xerais do proxecto de dirección presentado en abril de 2018

- ✓ Fomentar a educación para a **igualdade dos sexos**, opoñéndose a unha distribución estereotipada de papeis entre os sexos, rexeitando a desigualdade entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións....; segundo os artigos 9 e 10 da lei 7/2004 do 16 de xullo.
- ✓ Fomentar a igualdade entre nenos e nenas, non permitindo ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas, aplicándose activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres. *(Anual)*

### **3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA**

#### **FORTALEZAS**

- Modelo pedagóxico que contribúe ao fortalecemento de valores de igualdade entre homes e mulleres.
- Participación salientable das familias a través da ANPA do Centro
- Colaboración maioritaria das nais na representatividade do Centro
- Estas mulleres son difusoras do patrimonio e de tradicións culturais
- Toma de conciencia da violencia machista
- Mais presenza de mulleres nos órganos colexiados do Centro.
- Xestión do comedor escolar os días de clase pola tarde para favorecer a conciliación familiar e escolar
- Funcionamento do Plan Madruga para conciliar o horario laboral dalgunhas familias

#### **DEBILIDADES**

- Traballo non recoñecido da muller
- Obriga das avoas para o coidado dos netos por falta de medidas de conciliación familiar
- Situación de discriminación en canto ao emprego. Desequilibrio entre o traballo realizado polas mulleres e polos homes .Precariedade de emprego feminino
- Falta de cualificación e profesionalización das mulleres
- Déficit de servizos básicos no concello para conciliar a vida social/laboral e familiar
- Falta de corresponsabilidade entre homes e mulleres en relación a distribución de espazos e tempos

#### **AMEAZAS**

- Dependencia familiar e económica das mulleres pertencentes á comunidade educativa
- Falta de transporte público
- Percepción errónea de que a igualdade non é unha necesidade prioritaria a resolver, porque a maioría percibe que non existe desigualdade
- As mulleres da zona deben ir traballar ao núcleo urbano por falta de oportunidades no lugar no que viven
- Forte presenza na sociedade actual de linguaxe sexista

## OPORTUNIDADES

- Fomentar o emprendemento entre as mulleres rurais
- Implementar medidas para fixar poboación
- Empoderamento da muller
- Auxe do turismo rural
- Servizos e equipamentos de atención familiar con horarios adaptados á conciliación laboral.
- Avaliación das desigualdades

Neste Centro a meirande parte do profesorado son mulleres. Veñen a representar o 87,5% de todo o Claustro.

A porcentaxe de mulleres que ocupan postos de decisión é alta. (Dirección do Centro, Xefatura de estudos, coordinacións de ciclo, de plans ...). Hai un alto grao de desequilibrio nos postos de responsabilidade que son ocupados por mulleres. Isto proporciona ao alumnado modelos desexables, exemplificando unha organización escolar sobre igualdade

É relevante a porcentaxe de participación das nais nos órganos colexiados o que demostra que son as que se seguen ocupando en maior medida da educación das súas fillas e fillos.

Esta implicación tamén se observa na alta participación das nais na ANPA do Centro e como presidentas das mesmas.

No entanto o rexistro de condutas contrarias á convivencia danse maioritariamente entre os alumnos. A conflitividade escolar no noso Centro é principalmente masculina.

Hai espazos escolares que son utilizados indistintamente por nenos ou nenas: Biblioteca, aula de informática, aula de pintura.

O patio de recreo é empregado indistintamente por nenos e nenas

No entanto nas actividades extraescolares ofertadas pola Anpa obsérvase unha maior porcentaxe de afluencia de nenos nas actividades de robótica e xadrez. Nas actividades de zumba e patinaxe é salientable o número de nenas.

#### **4.OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO AOS SEGUINTES TEMAS:**

##### **4.1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.**

- Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes
- Garantir a igualdade de oportunidades no ámbito escolar.
- Fomentar a representación equilibrada de nenos e nenas.
- Velar por que o noso centro educativo transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes.
- Visualizar a influencia dos roles de xénero nas condicións de vida, nas oportunidades e nas posibilidades de desenvolvemento persoal.
- Fomentar a corresponsabilidade.
- Substituír estereotipos por imáxenes reais nas que os homes e mulleres sexan valorados en igualdade.
- Fomentar o uso de materiais didácticos que non presenten linguaxe, contido e/ou imaxes sexistas propoñendo alternativas cando se detecten elementos deste tipo.
- Valorizar os saberes tradicionalmente considerados femininos.
- Impulsar os valores de igualdade, paz e tolerancia a través da literatura
- Valorar outras culturas para que se coñeza a situación de nenas e mulleres en ámbitos diferentes ao europeo.
- Potenciar o uso dunha linguaxe inclusiva tanto nos documentos de comunicación interna como externa do Centro Escolar.
- Establecer un reparto equitativo para o uso e goce dos espazos común e xogos por parte dos nenos e nenas.

##### **4.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.**

- Impulsar actividades dentro da comunidade educativa para a prevención de comportamentos e actitudes sexistas e de violencia de xénero
- Garantir e fomentar actitudes, valores e capacidades que contribúan a un pleno desenvolvemento en igualdade
- Velar para que non se utilicen materiais e libros de texto que inclúan contidos que vulneren o principio de igualdade.
- Empregar materiais didácticos actualizados que conteñan pautas de conduta que transmitan valores de respecto e igualdade, de forma que se favoreza a prevención de actitudes e situacións violentas.
- Revisar e adaptar o currículo educativo, garantindo a perspectiva de xénero nos contidos, procedementos, actitudes
- Incluír apartados específicos no Plan de Acción Titorial

- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Actuar nas situación de acoso e violencia de xénero segundo os protocolos establecidos
- Aplicar medidas correctoras correspondentes cando se constate atentado contra a dignidade do menor por causas relacionadas coa súa identidade de xénero. En particular, procederase a expulsión do centro, temporal ou definitiva, da persoa infractora, como medidas correctoras asociadas ás condutas que vulneran a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñen como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no sexo, orientación identidade sexual, segundo se recolle no artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación segundo a redacción dada pola Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Calquera membro da comunidade escolar que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil de calquera alumno ou alumna, por identidade de xénero dentro do centro escolar, ten a obriga de poñelo en coñecemento dos responsables do centro segundo os procedementos que cada centro estableza no seu plan de convivencia.

#### **4.3. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL.**

- Garantir a difusión da realidade sobre a identidade de xénero entre a comunidade educativa.
- Favorecer a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero
- Garantir o dereito a elixir a propia imaxe e a adaptar esta, tanto no vestir como en calquera outro aspecto, ao xénero que sente como propio, incluídos os uniformes escolares, se procede.
- Dirixirse ao alumno co nome que se acorde na coordinación establecida entre a dirección, a titoría, o departamento de orientación eo/a alumno/a (ou representantes legais). Tamén se utilizará este nome naquela documentación non regulamentada legalmente e en todas aquelas comunicacións formais e informais que non teñan efectos administrativos ou xurídicos, en tanto non se proceda á modificación dos datos rexistrados e se acredite o dito cambio de xeito inequívoco.
- Facilitar ao/á alumno/a o acceso aos vestiarios e aseos correspondentes ao xénero co que se sente identificado cando existan unicamente espazos

diferenciados, e poñeranse en marcha as medidas organizativas que se estimen.

- Garantirase a difusión da realidade sobre a identidade de xénero entre a comunidade educativa
- 
- Actuar de acordo co dereito de privacidade e honra do alumnado e de todos os membros da comunidade educativa
- Promocionar entre as familias a necesidade de información de contidos relativos coa realidade LGTBI e cos diferentes modelos de familia (Escola de pais e nais)

#### **4.4. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA.**

- Informar sobre mecanismos de denuncia dos casos de acoso
- Recoñecer prexuízos, mitos e falsas crenzas sobre as persoas LGTBI
- Utilizar unha linguaxe inclusiva e non sexista
- Evitar etiquetas que nos encasillan e nos limitan
- Respetar a intimidade e confidencialidade de cada persoa
- Apoiar iniciativas polo respecto á diversidade sexual
- Identificar recursos dispoñibles para traballar a diversidade sexual
- Establecer ferramentas de avaliación anónimas e efectivas sobre o clima de convivencia no centro, incluíndo a discriminación por homofobia ou transfobia
- Establecer mecanismos confidenciais e efectivos para informar e responder ao acoso escolar por homofobia e transfobia
- Optimizar os espazos do centro, favorecendo baños mixtos con cabinas individuais.
- Revisar os diferentes formularios evitando a presunción de heterossexualidade das familias.
- Amosar unha posición clara contra a discriminación en xeral e a favor da diversidade

### **5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS**

#### **5.1. ORGANIZACIÓN DO CENTRO:**

- Favorecer, na medida do posible, a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión de xeito equitativo.
  - Procurar que un dos membros do Equipo Directivo sexa un home.
  - Intentar que haxa representatividade masculina no Consello Escolar
  - Aconsellar que haxa representatividade masculina na Xunta Directiva da Anpa
  - Potenciar a participación dos pais no labor da titoría



- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de Igualdade
- Difundir o Plan de Igualdade entre toda a comunidade educativa, en especial ás familias
  - Informar da existencia deste Plan a nivel de Consello Escolar, Anpa, Titorías ...
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade
  - O plan de Formación Permanente do Profesorado está deseñado estes últimos anos de cara a inclusión e a igualdade, participando unha alta porcentaxe do profesorado do Centro.
  - Realización de obradoiros co alumnado
  - Charlas informativas ás familias, impartidas por persoal cualificado e organizadas pola ANPA do Centro
  - Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
  - Usar unha linguaxe non sexista na oralidade da nosa práctica educativa, nos recursos didácticos que ofrecemos nas aulas, nas informacións que mandamos ás familias....
- Revisar a Concreción Curricular de Centro, para incluír a perspectiva de xénero nas distintas áreas
- Diseñar actividades complementarias ou extraescolares en gran grupo que reforcen os contidos curriculares( 25 de novembro, 8 de marzo, Nadal, Día do libro...)
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas
  - Participación en actividades deportivas que impliquen xornadas de convivencia entre alumnos e alumnas de diferentes Centros
  - Participación en mostras de teatro con outros centros coa posta en escena de obras que traballen a igualdade e a inclusión.
  - Colaboración coa Anpa do Centro en todas aquelas propostas que teñan como denominador común a igualdade
- Concretar o desenvolvemento curricular de orientación laboral e profesional libre de estereotipos, poñendo o foxo na incorporación aos itinerarios de ESO
  - Participar en actividades para favorecer a transición educativa dende a Educación Primaria á Secundaria.
  - Colaborar na organización de reunións con familias de alumnos que inicien a Educación Secundaria
- Coordinación entre o profesorado de Ciclo para revisar o material didáctico con perspectiva de xénero

- Implementar programas de habilidades sociais, xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, e o traballo cooperativo

Os programas de habilidades sociais favorecerán a adquisición dun conxunto de capacidades que permitan que o alumnado se desenvolva eficazmente nas súas relacións sociais. No último curso de primaria vense desenvolvendo un programa de habilidades sociais organizado pola Concellería de Sanidade, Turismo e relacións institucionais do concello da Estrada e impartida por un psicólogo do Concello . os seus obxectivos son:

- Aprender a identificar un problema
- Xerar posibles alternativas de solución do problema
- Configurar un plan para resolver o problema e tomar unha decisión
- Coñecer os pasos para tomar decisións e resolver problemas
  - Comunicación de forma asertiva  
Adquirir e practicar habilidades necesarias para a comunicación asertiva  
  
Vivenciar os diferentes estilos de comunicación ( agresivo, pasivo, asertivo)  
  
Realizar ensaios de conduta coas distintas técnicas de comunicación asertiva
  - Medir as consecuencias dos feitos  
Prever as consecuencias das accións  
  
Prever as reaccións dos outros ante un feito ou un dito  
  
Exercitar o pensamento consecucional, proxectando o pensamento cara diante, cara as consecuencias posibles dos feitos ou ditos, a curto e longo prazo.
  - Reforzar a autoestima  
Coñecer as propias capacidades e limitacións.

#### ACTIVIDADES:

- Actividades de resolución de conflitos baseándonos no libro de “La resolución creativa de conflitos, manual de actividades” onde se traballan a educación emocional e as habilidades sociais de xeito cooperativo, potenciando unha comunicación positiva, a tolerancia ...
- Actividades de rol-play, onde se resolvan os conflitos que teñen entre eles, vendo puntos de vista diferentes.
- Visionado de vídeos de diferentes temáticas e posterior posta en común.

## **5.2. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS**

### **SABERES:**

- Coordinación do Profesorado de Ciclo para revisar as programacións didácticas desde unha perspectiva de xénero: incluír mulleres relevantes en cada ámbito do saber, afondar na historia das mulleres
- Revisar o material didáctico empregado na aula tendo en conta os valores que transmiten, os contidos, as personaxes, as imaxes, a linguaxe, as actividades a desenvolver ...
- Realizar actividades de sensibilización na aula, apoiándose en bibliografía seleccionada dende a Biblioteca, e co asesoramento do Departamento de Orientación
- Realizar actividades de información e sensibilización coas familias:
  - Nas reunións preceptivas de comezo de curso.
  - Nas sesións de titorías
  - Animar ás familias a participar nas actividades propostas pola Anpa para traballar este tema

## **5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO:**

- Empregar o taboleiro de anuncios do Centro para difundir información sobre este tema
- Favorecer o uso doutros taboleiros do Centro para realizar exposicións.
- Permitir a colocación de información na entrada do Centro, por ter máis visibilidade.
- Dende a Biblioteca Escolar seleccionar lecturas coeducativas e que transmitan os valores da igualdade
- Elaborar dípticos informativos coa bibliografía de interese sobre igualdade de xénero
- Realizar exposicións de libros de literatura infantil .
- Realizar lecturas compartidas dos libros seleccionados
- Adaptar estas lecturas á posta en escena das mesmas para que eses valores lse transmitan dun xeito máis plural
- Participación das familias nestas actividades
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro, coa selección de películas que traballen estes valores
- Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.
- Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.

- Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión. ( O centro vai participar na implementación de patios inclusivos)
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo,xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado
  - Organizar charlas, faladoiros, obradoiros impartidos por persoas que realicen na súa vida tarefas do sexo menos representado.

#### **5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR:**

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
- Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
  - Desenvolvemento de xogos nos que os alumnos maiores se responsabilicen dos máis pequenos.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
  - Xogos interdisciplinares e en grandes grupos heteróxeneos
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
  - Distribución do alumnado en grupos dentro do comedor escolar buscando a corresponsabilidade dos alumnos maiores
  - Nas saídas conxuntas organizar grupos de alumnos buscando a axuda dos alumnos maiores
  - Nas entradas de Educación Infantil, os alumnos maiores acompañan aos máis pequenos ás súas aulas
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

#### **6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN**

Que avaliar?

- Cambios producidos na aptitude do alumnado e do profesorado(evidencias)
- Influencia no interese do alumnado e do profesorado por esta temática
- Traballo do alumnado
- Incidencia na aula
- Valoración da educación para a igualdade
- Posibles melloras nas relacións no Centro.
- Facilidades ou dificultades do traballo do profesorado
- Grao de implicación do profesorado

- Grao de satisfacción do alumnado e do profesorado
- Necesidades de formación do profesorado
- Propostas de mellora

Como avaliar?

- Deseño de plantillas/enquisas.
- Organizar reunión
- Recoller datos de cada avaliación trimestral

A quen avaliar?

- A avaliación debe ir dirixida aos distintos sectores da comunidade educativa

Quen organiza a avaliación?

- Esta avaliación será organizada polo Equipo de Dinamización da convivencia e pola persoa coordinadora en igualdade